

Mugar dos, 12 de xuño de 2020

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto con vostedes para ofrecerlles informacións sobre o final de curso e outros asuntos importantes de cara ao vindeiro curso, como a avaliación, matrícula do curso seguinte ou xestión das axudas de libros de texto.

En primeiro lugar, comunicámoslles que **as actividades lectivas non presenciais rematarán o venres, 19 de xuño**. Tamén remata ese día o prazo de presentación de solicitudes de participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir material escolar.

Venres, 19 de xuño __ Fin da actividade lectiva.
Fin do prazo de solicitude do Fondo solidario de libros de texto e axudas para material.

As cualificacións publicaranse en AbalarMóviles o día 25, ás 09:00 horas. Advertimos que a aplicación informática só recolle as notas, non figuran as decisións de promoción e outra documentación importante. **A entrega dos boletíns de notas realizarase presencialmente o xoves 25 de xuño**. Debido ás circunstancias sanitarias dos últimos meses, por sentidíño realizarase por quendas de titorías ao longo da mañá e da tarde. Nesa data, ademais dos libros de texto ou equipamentos EDIXGAL, tamén se recollerán as chaves das taquillas e os libros prestados da biblioteca.

Os alumnos/as poden vir acompañados polos seus pais e nais. Lembrámoslles, asemade, que non existe transporte escolar para ese día nin para os exames de setembro.

Xoves, 25 de xuño

10:30...	Entrega de notas 1.º ESO
11:00 ...	Entrega de notas 2.º ESO ... Por quenda: recollida de ordenadores EDIXGAL
12:00	Entrega de notas 3.º ESO ... Recollida de libros de texto FONDO
13:00 ...	Entrega de notas 4.º ESO ... Recollida de libros de texto FONDO
16:30 ...	Entrega de notas 1.º Bacharelato... Recollida de libros BANCO
17:00 ...	Entrega de notas 2.º ESO.... Por quenda: recollida de ordenadores EDIXGAL
17:30 ...	Entrega de notas FPB I e II
18:00 ...	Entrega de notas Adultos

O prazo legal de reclamacións abrangue os días 25 e 26 de xuño, das 10:00 ás 14:00 horas, por escrito na secretaría do centro. No caso de precisar falar ou revisar probas de avaliación con algún profesor/a deberá comunicalo o día 25 na Xefatura de Estudos e concertarse unha cita para o 26.

RECLAMACIÓNS

25 de xuño: comunicar ao Xefe de Estudos se desexa falar ou revisar probas de avaliación con algún profesor/a. *Concertarse cita para o 26 de xuño.*

25 e 26 de xuño (ata as 14:00 horas): *Presentar en secretaría escrito razoado.*

29 de xuño: *resolución das reclamacións por parte dos departamentos.*

No caso da promoción de curso, entregaranse ao alumnado os **sobres de matrícula** coa documentación necesaria que debe formalizarse **entre o 25 de xuño e o 10 de xullo**. Como en cursos anteriores, para facilitar a xestión na secretaría do centro, sinalaremos as datas de matrícula preferente por niveis.

MATRÍCULA. Do 25 de xuño ao 10 de xullo.

Datas preferentes: **1.º ESO:** 29 e 30 de xuño

1.º Bacharelato: 25 e 26 de xuño; 3 e 6 de xullo

2.º ESO: 30 de xuño e 1 de xullo

2.º Bacharelato: 25 e 26 de xuño; 7 e 8 de xullo

3.º ESO: 1 e 2 de xullo

4.º ESO: 2 de xullo

FPB II: Pendente de publicación

FONDO SOLIDARIO E AXUDAS OFICIAIS

O vindeiro curso terán continuidade os seguintes programas oficiais:

- Fondo solidario de libros de texto ____ 3.º e 4.º ESO
- Axudas para adquirir material escolar ____ todos os cursos da ESO

As condicións de renda e contías pódense consultar na páxina do instituto ou da Consellería de Educación. Do mesmo xeito, o impreso de solicitude pódese solicitar no centro, descargar da páxina web do instituto ou da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (código do procedemento ED330B). O prazo de presentación, preferentemente na secretaría do centro, remata o 19 de xuño. (+[info](#))

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO

Un dos requisitos imprescindibles para recibir as axudas dos programas oficiais é a de devolver os libros de texto adquiridos coas axudas do ano pasado. Os libros das materias pendentes poderán conservarse ata que se examine na convocatoria de setembro. Para facilitar a devolución, recolleremos todos os libros de texto deica a data da entrega das notas, prevista para o 25 de xuño. Para iso **pregamos que os depositen na conserxaría dentro dunha bolsa co nome do alumno ou alumna no exterior.**

DEVOLUCIÓN ORDENADORES E-DIXGAL (1.º e 2.º ESO)

O alumnado de 2.º ESO que aprobe todo en xuño deberán entregar o equipo no centro en perfectas condicións (co seu correspondente maleón, cargador e punteiro) antes do 30 de xuño e asinar o documento achegado polo centro. Estableceranse varias quendas de mañá e tarde para o día 25 xunto coa entrega das notas. No caso de materias pendentes conceráselle unha prórroga ata setembro.

O alumnado de 1.º ESO disporá do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose ao próximo curso co material en perfectas condicións. Só deberán entregalo no caso de aprobar todas as materias e non continuar estudos no centro o vindeiro curso.

BANCO DE LIBROS (ANPA O Castro)

Á parte destes programas oficiais, seguirá funcionando o Banco de Libros da ANPA dirixido a todas as familias, especialmente con alumnado en Bacharelato, e que voluntariamente queiran entregar e recibir libros de texto. (+ [info](#))

AXUDAS CONCELLO DE MUGARDOS

O Concello de Mugardos adoita realizar a convocatoria anual de axudas para o ensino e o transporte con dúas quendas de solicitude: unha en xullo e outra en setembro. (+[info](#))

BOLSAS DE ESTUDO (Bacharelato. FP Básica)

A solicitude de bolsas de estudos para bacharelato e FP Básica realízase a través do servizo online do Ministerio de Educación, xeralmente aberta desde mediados de agosto ata finais de setembro. (+ [info](#))

LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O VINDEIRO CURSO

A listaxe de libros de texto por materias e cursos estará dispoñible na secretaría e na páxina web do centro a partir do 25 de xuño. Adiantámoslle que non haberá cambios importantes con respecto aos manuais deste curso que remata.

Para rematar, a dirección do centro quere agradecerlles ás familias todo o seu esforzo e cooperación ao longo deste curso, especialmente nos momentos máis difíciles do terceiro trimestre. As nosas portas, agora máis dixitais, permanecen abertas na procura da mellora permanente do servizo educativo do IES de Mugardos.

Todo vai saír ben.

Serafín Álvarez

Director do IES de Mugardos

ies.mugardos@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/